

RESOLUCIÓN DO 07 DE MARZO DE 2025 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE CONVOCA UN CURSO DE INICIACIÓN AO MERGULLO PROFESIONAL NO INSTITUTO GALEGO DE FORMACIÓN EN ACUICULTURA (IGAFA) NA ILLA DE AROUSA

Consideracións legais e técnicas

- Decreto 428/1993, do 17 de decembro, polo que se regula e refunde a normativa en materia de formación náutico-pesqueira
- Decreto 152/1998, do 15 de maio de 1998, que regula as condicións para o exercicio do mergullo profesional
- A Orde do 23 de abril de 1999 que regula o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 30 establece que para obter unha titulación ou especialidade de mergullo profesional as persoas deberán de inscribirse e realizar un curso de formación, superando ó seu remate unha proba de coñecementos ante un tribunal designado pola Consellería do Medio Rural e do Mar nos termos establecidos nesta orde
- Orde do 13 de xuño de 2001 que modifica a do 23 de abril de 1999 pola que se regula o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 149/2024, de 20 de maio, polo que se modifica o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, no que indica que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro correspóndenlle a función de ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer

Visto o exposto, esta dirección xeral ao abeiro das súas competencias, RESOLVE

Convocar un curso de Iniciación ao mergullo profesional no Igafo, coas seguintes condicións:

Primeira.- Requisitos dos candidatos/as (artigo 31 da Orde do 23 de abril de 1999)

- Ter cumpridos os dezoito anos de idade
- Ter o ensino académico obrigatorio
- Superar a avaliación psicolóxica de aptitude e o exame médico para o mergullo profesional, segundo o establecido no anexo IX da Orde do 23 de abril de 1999

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cmadxdesevolvemento@xunta.gal



- Superar as probas físicas e as da cámara hiperbárica

Segunda.- Documentación a presentar polas persoas candidatas

- Solicitude PE621E. Esta solicitude se descarga na seguinte dirección de correo electrónico: <https://sede.xunta.gal/doc-invia/rest/anexos/23284081>
- Fotocopia do DNI ou NIE
- Fotocopia do documento que acredita ter superado o ensino obrigatorio

Terceira.- O curso realizarase no Instituto Galego de Formación en Acuicultura (Igafa) na Illa de Arousa-Pontevedra. As datas de matrícula e do curso, o horario e o número de prazas son as seguintes:

- Prazo de matrícula: do 10 ao 31 de marzo de 2025
- Curso: do 19 de maio ao 27 de xuño de 2025
- Horario: de 9:00-14:00h
- Número de prazas: 12.

Cuarta.- Probas físicas, tanto en terra como en piscina, previas a realización do curso (ver Anexo da resolución)

Unha vez rematado o prazo de matrícula do curso, farase pública a lista provisional de persoas admitidas para as probas físicas, na páxina web da Consellería do Mar (<https://mar.xunta.gal/es/formacion/informacion-del-alumnado/mergullo-profesional>), e teñen un prazo de dez días para subsanar as deficiencias polas que haxan sido excluídas. A lista definitiva de admitidos/as publicárase na mesma páxina web da Consellería do Mar

O listado de persoas seleccionadas para realizar as probas físicas publicárase o 23 de abril de 2025 na citada páxina web da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios do IGafa.

As persoas aspirantes deberán presentar, o día das probas físicas, un certificado médico, en impreso oficial, que as cualifique" coa aptitude física necesaria para a realización das probas físicas esixidas para o acceso ao curso de iniciación ao mergullo profesional

A data das probas físicas (en terra e piscina) será o **29 de abril de 2025 ás 9:30 horas no Igafa.**

Quinta.- Proba da cámara hiperbárica previa a realización do curso (ver Anexo da resolución)

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cm.dxdeseenvolvimento@xunta.gal



Unha vez superadas as probas físicas deberán realizar o test de compresión e tolerancia ao oxíxeno hiperbárico.

As persoas aspirantes o curso deberán presentar o día da proba da cámara hiperbárica, os recoñecementos médico e psicolóxico por persoal facultativo habilitado que as cualifique como aptas para facer esta proba.

A data das probas da cámara hiperbárica será o **09 de maio de 2025 ás 9:30 horas no Igafa.**

Durante a realización das probas físicas e da cámara hiperbárica estará presente un tribunal constituído por persoal da administración da Consellería do Mar

Sexta.- Criterios de selección dos/as candidatos/as

- O número de prazas por curso é de doce (12) e dous (2) suplentes. Reservaranse 3 prazas para o persoal do corpo da policía nacional adscrita á Xunta de Galicia, no caso de non cubrirse pasarán ao cómputo xeral das prazas convocadas.
- Unha vez rematadas as probas físicas, si hai máis aspirantes que prazas, o tribunal realizará un sorteo público. Para isto, o listado de persoas que superaron ditas probas se ordenará alfabeticamente e será numerado (mantendo a orde alfabética), extraéndose a continuación un número que indicará a orde de persoas seleccionadas para o curso.
- As persoas seleccionadas que non superen as probas de cámara hiperbárica quedarán excluídas do curso.

As persoas seleccionadas deberán presentar o primeiro día do curso o xustificante de ter pagado as taxas das probas de aptitude para a obtención da titulación de iniciación ao mergullo profesional.

Sétima.- No suposto de que non se acaden o número de prazas convocadas (12), a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro reserva para sí o dereito a suspender ou cancelar o curso, caso en que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente. Tamén poderá modificar as datas do curso, así como resolver todas as continxencias que poidan xurdir.

Oitava.- Equipamento necesario a aportar polo alumnado para realizar o curso de iniciación ao mergullo profesional

- Traxe húmido de neopreno
- Escarpíns, aletas regulables, gafas e tubo de mergullo, cinto de chumbos de zafado rápido cuns 10 quilos, coitelo de mergullo e luvas de traballo

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



Novena.- Asistencia ao curso de iniciación ao mergullo profesional

As persoas seleccionadas deberán presentar o primeiro día do curso o xustificante de ter pagado as taxas das probas de aptitude para a obtención da titulación de iniciación ao mergullo profesional.

É necesario realizar a totalidade das prácticas e asistir polo menos ao 80% das horas de formación teórica para acceder á proba de avaliación final.

Décima.- Nomeamento dos tribunais

A dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro nomea os seguintes tribunais:

- **Probas físicas (terra e piscina):** 29 de abril de 2025 ás 9:30 horas
Representante da administración: Elena Casais Laiño
Instrutor xefe: Pablo Vázquez Cortizo
Facultativa en medicina: Saladina Dolores Álvarez Pérez
- **Probas da cámara hiperbárica:** 09 de maio de 2025 ás 9:30 horas
Representante da administración: José Ventura Villar Estalote
Instrutor xefe: Pablo Vázquez Cortizo
Facultativa en medicina: Saladina Dolores Álvarez Pérez
- **Exame de avaliación final:** 27 de xuño de 2025 ás 10:00 horas
Presidente: Xesús Óscar Figueiro Touceda
Secretario: Pablo Vázquez Cortizo
Vogal: Magdalena Lage Otero
Instrutor xefe: Marcelino González Maneiro

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,
A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Marta Villaverde Acuña
asinada dixitalmente

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



ANEXO

Orde do 23 de abril de 1999 pola que se regula o exercicio do mergullo profesional na Comunidade Autónoma de Galicia (Anexo IV)

Probos físicas

En terra:

- Course Navette de 20 m, acadando como nivel mínimo o nivel 6
- 30 metros lisos saída-parada: tempo mínimo 7 segundos
- Salto a pés xuntos: distancia mínima para homes 1,5 metros e para mulleres 1,25 metros
- Flexión barra: tempo mínimo para homes 20 segundos e para mulleres 15 segundos
- Flexións no chan (abdominais): número mínimo, 25 en un minuto

En piscina:

- Facer unha apnea en 1 minuto
- Mergullarse 25 metros en lonxitude polo fondo da piscina
- Nadar 200 metros braza ou crol con gafas de mergullo

Probos cámara hiperbárica

- 5 minutos a 50 m.c.a. en cámara hiperbárica respirando aire
- 30 minutos a 18 m.c.a. respirando osíxeno medicinal

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdeseenvolvimento@xunta.gal

